



ADMINISTRACIÓN LOCAL MUNICIPAL NEGREIRA

Listaxe definitiva de persoas admitidas e excluídas, nomeamento de tribunal de proceso selectivo de estabilización por concurso de dúas prazas de oficial de obras (persoal laboral fixo)

ANUNCIO

Con data de 26 de abril de 2023, ditouse pola Alcaldía deste Concello de Negreira o Decreto número 127/2023, cuxo contido é o seguinte:

“DECRETO

ASUNTO: DECRETO DE APROBACIÓN DA RELACIÓN DEFINITIVA DE ASPIRANTES ADMITIDOS/EXCLUÍDOS NO PROCESO SELECTIVO PARA A PROVISIÓN EN PROPIEDAD DE DÚAS (2) **PRAZAS DE OFICIAL DE OBRAS** (PERSOAL LABORAL FIXO) INCLUÍDA NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO EXTRAORDINARIA 2022 DO CONCELLO DE NEGREIRA PARA A ESTABILIZACIÓN DO EMPREGO TEMPORAL DE LONGA DURACIÓN

Expediente: 2023/G003/000125

Don Manuel Ángel Leis Míguez, Alcalde-Presidente do Concello de Negreira, na provincia da Coruña.

Por Decreto de Alcaldía número 299/2022, de 20 de decembro de 2022 aprobáronse as bases xerais e específicas que rexen os procesos selectivos correspondentes ás prazas de estabilización de emprego temporal de longa duración do concello de Negreira incluídas na oferta de emprego público extraordinaria de 2022.

O anuncio das bases citadas publicouse no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 243 de data 26 de decembro de 2022.

Con data de 14 de febreiro de 2023 publicouse, no Boletín Oficial do Estado número 38, o anuncio de convocatoria das prazas obxecto da presente Resolución abrindo o prazo de presentación de solicitudes que rematou o 6 de marzo de 2023.

Por Resolución de Alcaldía número 91/2023, de data 30 de marzo de 2023, o alcalde de Negreira aprobou a listaxe provisional de persoas admitidas e excluídas neste proceso selectivo concedendo un prazo de dez días hábiles, para reclamar ou emendar o defecto que motivou a exclusión ou omisión (publicada no BOP nº66, de data 5 de abril de 2023)

Rematado o prazo de emenda de solicitudes para tomar parte neste proceso selectivo e de acordo co establecido na base oitava das bases xerais que rexen este proceso selectivo.

Tendo en conta as atribucións que me confire o artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril reguladora das Bases do Réxime Local e demais disposicións concordantes e de aplicación,

RESOLVO:

Primeiro.- Aprobar a listaxe definitiva de persoas admitidas e excluídas no citado proceso selectivo:

Relación definitiva de persoas admitidas:

Posto:	Nome e Apelidos	D.N.I
Oficial Obras	PAULINO ANDRADE PÉREZ	****7649W
Oficial Obras	JOSE MANUEL VILA ROMERO	****5123Y

Relación definitiva de persoas excluídas: Ningunha

Segundo.- Nomear ao Tribunal cualificador do proceso selectivo, que terá a seguinte composición:

Presidente: Manuel Suárez Bermúdez, Arquitecto do Concello de Oroso.

Suplente Presidente: Carlos Temprano Temprano, Interventor do Concello de Oroso

Vogais:

Titular 1: Patricia Reboreda Cigarrán, Técnica Medio Ambiente do Concello de Ames.

Suplente 1: Manuel Pueyo Varela, Arquitecto do Concello de Ames.

Titular 2: María del Carmen Sanmillán Villar, Tesoureira do Concello de Oroso.

Suplente 2: Federico María Suárez Cancelo, Secretario do Concello de Oroso.

Titular 3: Alberto Iglesias Fungueiriño, Arquitecto do Concello de Brión.

Suplente 3: Francisco Javier Portela Amor, Interventor do Concello de Negreira.

Secretaria: Rosa Ana Prada Queipo, Secretaria do Concello de Ames.

Suplente Secretaria: Margarita Fernández Sobrido, Interventora do Concello de Ames.

Terceiro.- Fixar o vindeiro día **8 de maio de 2023 ás 13.00 horas** como data para a primeira sesión do Tribunal cualificador (constitución) e para comezar co proceso de valoración de méritos presentados e acreditados para as presentes prazas.

A xuntanza do Tribunal cualificador farase no Salón de Plenos da Casa Consistorial do Concello de Negreira, sito na rúa Carmen nº3.

Cuarto.- Publicar a presente Resolución no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, na sede electrónica e na páxina web do Concello de Negreira.

Quinto.- Dar conta desta Resolución ao Pleno da Corporación na próxima sesión ordinaria que celebre.

Sexto.- Contra a presente resolución, que pon fin a vía administrativa poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición ante a Alcaldía, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da notificación do presente acto, ao abeiro do establecido no artigo 124,1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; ou ben directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo que corresponda, no prazo de dous meses, desde o día seguinte ao da recepción da presente notificación, de acordo co establecido nos artigos 8.1 e 46.1 da Lei 29/1998, de 13 de xullo.

Negreira, na data de sinatura electrónica

O alcalde.

Manuel Ángel Leis Míguez”

Negreira, 27 de abril de 2023

O alcalde

Manuel Ángel Leis Míguez

2023/3320